

An abstract collage on a white background. It features various hand-drawn or cut-out shapes in red and blue. At the top left are two red mountain-like shapes. Below them is a large red cloud-like shape. To the right of the clouds is a blue square. In the center is a blue airplane flying towards the right. To the right of the airplane is a red rectangular shape with a notch. Further right is a large red shield-like shape. Above the shield is a blue circle. At the bottom left is a blue jagged line representing water. At the bottom center is a red butterfly-like shape. The text "BOMBAS de chocolate" is written in a black, handwritten font in the upper right quadrant. Social media handles "@podiachovermerda", "@ramoninguez", and "@ivan_r_" are listed at the bottom right.


BOMBAS de
chocolate

@podiachovermerda
@ramoninguez
@ivan_r_

@ivan_r_



Era venres, e os venres tocaba levar
chocolate para a parva do cole.
Antes de saír da casa, a mamá de Mateo metéralle
na mochila dous bombóns grandes e redondos
coma dúas albóndegas. Os seus favoritos!



Nada máis entrar na escola e ver todas aquelas caixas no corredor, Mateo lembrou que o día anterior a mestra lles dixerá que podían levar comida ou roupa para enviar a aquel país que estaba sufrindo unha guerra inxusta e cruenta.



Porén, el esquecera comentalo na casa
e non levaba nada. Como puidera ser tan parvo!
Sen dubidalo, abriu a mochila e guindou
no interior dunha das caixas os dous bombóns
de chocolate. Menos era nada!




Esa mesma tarde, uns homes cargaron as caixas nunha furgoneta diante da porta do colexio.



Da furgoneta pasaron a un camión,
onde viaxaron milleiros de quilómetros.



E, pouco antes de chegar ao seu destino,
subiron a caixa onde viaxaban agochadiñas
as albóndegas a un helicóptero.



Cando o aparello sobrevoaba unha ringleira de persoas que marchaba do país fuxindo da guerra, un golpe de vento fixo que os bombóns caesen da caixa e fosen parar aos pés de Kateryna e Vanko.



—Mira, Kateryna —díxolle o neno á súa irmá mentres recollía do chan unha das lambonadas e lla poñía nas mans—. Onte soñei que as bombas que caían do ceo eran de chocolate e, por fin, está sucedendo.

BOMBAS DE chocolate



© do texto: Ramón D. Veiga
@ramoninguez @podiachovermerda

© das ilustracións: Iván R.
@ivan_r_

Vigo, abril 2022